

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

E
A
N
4

**IV Encontro
de Artistas
Novos 'Cidade
da Cultura'**

DO 9 AO 12 DE SETEMBRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRESENTA O TEU PROXECTO
ANTES DO 4 DE XULLO

BASES E MÁIS INFORMACIÓN EN
CIDADEDACULTURA.ORG



GAIÁS CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo lugar, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro espazos culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



IV Encontro de Artistas Novos

A Cidade da Cultura de Galicia converterase por cuarto ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no IV Encontro de Artistas Novos que se celebrará na Biblioteca e Arquivo de Galicia do 9 ao 12 de setembro de 2014.

Coordinado por Rafael Doctor, o *Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura'* busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou art followers. Unha edición máis, o Encontro traerá ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte: Lois Patiño, Din Matamoros, José Manuel Ballester e Dora García.

Cada un dos participantes terá a posibilidade de realizar unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións. A maiores, a Cidade da Cultura abre a posibilidade de que algúns dos participantes sexan elixidos para realizar unha intervención artística nas Torres Hejduk do complexo (convocatoria exclusiva

para os participantes no Encontro, as bases explicaránse no mesmo Encontro), seguindo a estela de artistas como Pamen Pereira, Ramón Conde, Alejandra Sampredo, Ana Soler ou cinco bolseiros da anterior edición do propio EAN, que tiveron a oportunidade de facer desta infraestrutura un lugar dedicado á arte e á creatividade.

O *IV Encontro de Artistas Novos* conta cun total de setenta prazas ás que poden optar todos aqueles profesionais nados entre 1979 e 1996 –ambos os dous anos inclusive–, estudantes e licenciados en Belas Artes ou afíns e todos aqueles que demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico. Como novidade deste ano, vinte das 70 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que os demais candidatos. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas doutras xeracións nun proceso creativo aberto. A convocatoria, aínda que está destinada principalmente a artistas, está aberta a persoas que realicen traballos de comisariado artístico vinculados á creación actual.

A consecución dunha praza inclúe matrícula de inscrición, estanza en réxime de pensión completa no complexo do Monte do Gozo de Santiago e transportes diarios desde o complexo ata a Cidade da Cultura.

PROGRAMA

XORNADA I

Martes 9 de setembro

- 09:00 h. Almorzo
- 10:00 h. Benvida e visita guiada pola Cidade da Cultura
María Pereira. Directora de Acción Cultural.
Rafael Doctor. Director, IV Encontro de Artistas Novos.
- 12:00 h. O autor e a súa obra. Lois Patiño
- 14:30 h. Xantar
- 17:30 h. Foro Aberto I
- 21:30 h. Cea

XORNADA II

Mércores 10 de setembro

- 09:00 h. Almorzo
- 10:00. O autor e a súa obra. Din Matamoro
- 12:00 h. Foro Aberto II
- 14:30 h. Xantar
- 17:30 h. Foro Aberto III
- 21:30 h. Cea

XORNADA III

Xoves 11 de setembro

- 09:00 h. Almorzo
- 10:00 h. O autor e a súa obra: José Manuel Ballester
- 12:00 h. Foro Aberto IV
- 14:30 h. Xantar
- 17:30 h. Foro Aberto V
- 21:30 h. Cea

XORNADA IV

Venres 12 de setembro

- 10:00 h. Almorzo
- 11:00 h. O autor e a súa obra. Dora García.
- 13:00 h. Entrega de diplomas e conclusión do curso
- 14:30 h. Xantar de despedida.

BIOGRAFÍAS / DIRECTOR

RAFAEL DOCTOR RONCERO

Licenciado en Historia da Arte pola UCM-Universidad Complutense de Madrid, a súa traxectoria estivo desde sempre estreitamente vinculada á Xestión Cultural e á creación contemporánea.

En 1993 comeza a encargarse da programación expositiva do Canal de Isabel II da Comunidade de Madrid, ata que en 1997 pasa a crear e dirixir o Espacio Uno do MNCARS-Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía.

Xa en 2001, diseña a programación cultural de Casa América, e en 2002 ponse á fronte do MUSAC-Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, do que foi director ata comezos de 2009. Dende entón traballa como independente en diferentes proxectos. En 2013 publicou “Arte Español contemporáneo” 1992-2013. Dende 2014 crea e dirixe a editorial EBIU.

Como comisario realizou proxectos expositivos tan relevantes como *La noche en blanco* (Madrid, 2009), *Ofelias y Ulises*. En torno al arte español contemporáneo (*La Biennale di Venezia*, 2001), ou *Apricots along the street*, coa artista Pipilotti Rist (MNCARS, 2001).

Desde que en 1989 fundou Apartado 14.479, o seu labor no campo editorial é igualmente reseñable: é creador de coleccións como *Arte sobre papel* (Coydis) e *Tf. Foto* (Tf Editores), ou autor de libros relacionados coa fotografía —da que é concienzudo coleccionista— como *Una historia (otra) de la Fotografía* (Caja Madrid, 2000), *Historias de las Fotografías* (Taller de Arte, 2002), o *FotoRamblas. Boxeadores, luchadores, varietés y otras imágenes de un estudio de Barcelona* (Tf Editores, 2002).

BIOGRAFÍAS / ARTISTAS

LOIS PATIÑO

LOIS PATIÑO (Vigo, 1983). Compaxinou os seus estudos de psicoloxía na Universidad Complutense de Madrid cos de cine na escola Tai. Continuou a súa formación de cine na NYFA de New York e en Barcelona, onde realizou o Master de Documental de Creación na Universidad Pompeu Fabra. Realizou cursos de videocreación na Universität der Kunst de Berlín e obradoiros con artistas e cineastas como Joan Jonas, Pedro Costa, Víctor Erice, José Luis Guerín ou Daniel Canogar.

Os seus vídeos e videoinstalacións puideron verse en centros de arte como o Centro Cultural San Martín (Bos Aires), Casa Encendida (Madrid), CCCB (Barcelona), Fundación CaixaGalicia (A Coruña), MARCO (Vigo), Fundación Luis Seoane (A Coruña)... E as súas películas en festivais de cine como Locarno (Suíza), Rotterdam (Holanda), New York Film Festival (USA), San Francisco FF (USA), BAFICI (Argentina), Oberhausen (Alemania), Roma (Italia), Vila do Conde (Portugal), Media City (Canadá), Viennale (Austria), Clermont-Ferrand (Francia), Punto de Vista... ou en Rencontres Internationales París/ Berlín/ Madrid, que se desenvolveu no Centre Georges Pompidou (París), Haus der Kulturen der Welt (Berlín) e o Museo Reina Sofía (Madrid). Co seu traballo "Montaña en sombra" ganou premios no Festival de Oberhausen e en Clermont-Ferrand entre outros. E na 66ª edición do Festival de Locarno recibiu o premio ao mellor director emerxente coa súa longametraxe "Costa da Morte". Este traballo tamén recibiu premios en festivais como FICUNAM (México D.F.), Festival dei Popoli (Italia), Valdivia FF (Chile) ou no Festival Europeo de Sevilla.

DIN MATOMORO

Licenciado en Belas Artes, Pintura e Gravado Calcográfico pola Universidad Complutense de Madrid. Expón por primeira vez a mediados dos ochenta e participa nalgunhas das exposicións esenciais do Madrid da posmovida, na que aporta grandes cadros de paisaxes enérxicos de gran forza de color e materia. Nova York e Roma serán dúas etapas posteriores nas que o seu traballo dará un xiro radical pois o expresionismo será substituído por unha aproximación persoal e humorística de diálogo coa cultura visual popular americana. De regreso a Madrid a mediados dos noventa, desde a pintura come-

zará a dialogar co cine desde a práctica pictórica. Regresa a Vigo, onde traballa e vive na actualidade, e desde entón desenvolve un traballo pictórico no que a luz é a principal protagonista. "Quedarse co esencial, captar o resplandor, o aire, a luminosidade, cunha grande economía de medios. Alcanzar unha cor interior de xeito similar ao que sucede cun son interior".

JOSÉ MANUEL BALLESTER

É un pintor e fotógrafo español, Premio Nacional de Fotografía en 2010 "pola súa traxectoria persoal, procedente das artes plásticas e cristalizada con rigor no campo da fotografía, pola súa singular interpretación do espazo arquitectónico e a luz, e pola súa aportación destacada á renovación das técnicas fotográficas."

Licenciado en Belas Artes en 1984 pola Universidad Complutense de Madrid, a súa carreira artística iniciouse na pintura con especial interese pola técnica das escolas italiana e flamenca dos séculos XV e XVIII. A partir de 1990, centrouse na fotografía arquitectónica e na observación e o pensamento sobre as grandes construcións que o ser humano realiza no cambio de milenio. Da mesma forma, indaga na historia da representación humana e analiza os seus espazos que serven de escenario a súa gran representación. Recibiu tamén o premio Nacional de Gravado.

DORA GARCÍA

Cursou os seus estudos de Belas Artes na Universidad de Salamanca e na Rijksakademie de Ámsterdam, Holanda (1985-1992). Vive e traballa en Bruxelas. Dora García utiliza o espazo expositivo como plataforma para levar a cabo unha investigación sobre a relación entre espectador, obra e lugar, a miúdo utilizando a performance e a interactividade con este fin. A través de cambios mínimos, sen invadir o espazo, converte a sala nunha experiencia sensorial, da que cada visitante sae coas súas percepcións alteradas, ou como mínimo con certo grao de escepticismo. Ao entrar en contacto coa obra de Dora García, desenvolvemos un sentido para empezar a ler os máis pequenos signos como posibles significantes. A artista trata o tema da experiencia guionizada, así convertindo aos espectadores en protagonistas dunha ficción, a veces a sabendas, outras non. Participou en exposicións de arte internacionais como a *Manifesta* (1998), a *Bienal de Estambul* (2003), *Münster Sculpture Projects* (2007) e a *Bienal de Sydney* (2008). A súa obra amosouse en museos como o Macba, Barcelona (2003), MNCARS, Madrid

(2005), MUSAC, León (2005), SMAK, Gante (2006) e GfZK, Leipzig (2007). No 2009 inaugurou unha exposición individual no CGAC (Santiago de Compostela) e participou cun “solo project” en “Playing the city” (Schirn Kunsthalle, Frankfurt, Alemania) e a galería cívica de Trento, Italia.

BIOGRAFÍAS / ART FOLLOWERS

GUILLERMO ESPINOSA

Xornalista cultural desde mediados dos anos noventa, colaborou con diversos medios nacionais e internacionais (El País Semanal, Diario 16, La Gaceta de Canarias, Sublime Arte y Cultura Contemporánea, Elle, Shangay, Wad Magazine, Dedicate France) e foi redactor xefe das revistas Marie Claire España e Vanidad. Debuta como comisario de arte na segunda edición de Casas y Calles (2005) vinculándose desde entón á xestión independente de mercado carácter underground e non profit. Foi cofundador xunto a Tolo Cañellas de “The Black Pillar: Flat Art for a Flat Dark World”, un proxecto autofinanciado de site-specifics desenvolvido en Madrid con artistas nacionais e internacionais (Angelo Plessas, Dean Sameshima, Martín Sastre, Sandra Gamarra, Ruth Gómez, Pepo Salazar, etc). Desde 2009 comisaría regularmente Espacio Frágil, un escaparate para proxectos de site-specific ou pequeno formato con artistas nacionais (Diana Larrea, Carles Congost, Carmela García, Andrés Senra...) e emerxentes (Diego del Pozo, Bubi Canal, Javier Fresneda...), fundado tres anos antes por Andrés Mengs, Giulietta Speranza e Virginia Torrente, e que é hoxe un dos proxectos non-profit máis lonxevos da capital. En 2011 funda PAMM (Performing Art Mirror Madrid), un proxecto deslocalizado de difusión da performance, con que realizou por agora tres proxectos, coa barcelonesa afincada en Londres Esther Planas, o colombiano Juan Pablo Echeverri e o barcelonés R. Marcos Mota. Foi profesor de Periodismo de Moda y Nuevos formatos de Moda no IED de Madrid durante algúns anos, e tamén exerceu de programador cinematográfico para cineclubs, festivais de curtametraxe como *Almería en Corto* e feiras de arquitectura como *Eme3 Barcelona* nas súas tres primeiras edicións.

JAVIER DÍAZ-GUARDIOLA

Licenciado en Xornalismo pola Universidad Complutense de Madrid. Iniciouse profesionalmente na Agencia EFE e o diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicacións como Turia. Coautor do libro Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid (CAM, 2007), así como autor de numerosos textos para catálogos. Foi comisario de “Circuitos’08”, o programa de promoción de arte nova da Comunidad de Madrid, “Enproceso: disculpen las molestias” (galería Raquel Ponce, 2010) e “Matar al mensajero” (galería Fernando Pradilla, 2013). Na actualidade coordina as seccións de arte, arquitectura e diseño de ABC Cultural e o ABCDARCO. É responsable do blog de arte “Siete de un golpe”.

SEMÍRAMIS GONZÁLEZ

Semíramis González está licenciada en Historia da Arte. Cursou o Máster en Historia da Arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Reina Sofía e especializouse en teoría feminista e aplicada á Historia da Arte. Co seu blog “Semíramis en Babilonia” participou no proxecto ARCO Bloggers e en LABlog, blog de LABoral Centro de Arte, do que tamén é coordinadora. Comisariou un proxecto en Just Madrid, “Encuentros inesperados”, coa galería Gema Llamazares (Xixón), así como a colectiva de artistas emerxentes “La New Fair” en La New Gallery. Coordina o blog da exposición *Variation*, lo obsesivo como forma de paisaxe, comisariada por Tania Pardo sobre a colección Fundación ARCO no Centro de Arte de Alcobendas.

BASES DA CONVOCATORIA

OBXECTO

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 70 prazas gratuítas para a participación no IV ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA' que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia de Santiago de Compostela do 9 ao 12 de setembro de 2014.

CARACTERÍSTICAS

As 70 prazas terán 2 ámbitos de participación:

1. Rexional, mediante o que se concederán un 50% das bolsas aos solicitantes nados ou residentes na comunidade autónoma de Galicia.

2. Nacional/Internacional, no que o 50% das bolsas serán concedidas aos solicitantes de procedencia tanto nacional como internacional.

Dentro do programa do IV ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA' terá lugar o 'Foro Aberto', no que todos os participantes estarán obrigados a amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos para a que o participante aportará para o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés, e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

DOTACIÓN

Os 70 participantes no IV ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA' obterán unha dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.
2. Estancia en réxime de pensión completa no complexo do Monte do Gozo de Santiago de Compostela desde o luns 8 de setembro ata o venres 12 de setembro de 2014.
3. Transportes diarios desde o complexo do Monte do Gozo ata a Cidade da Cultura de Galicia.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada un dos seleccionados estará cuberto por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polos beneficiarios.

CONDICIÓNS

Poderanse presentar todos aqueles profesionais que naceran entre 1979 e 1996, ambos os dous anos inclusive.

Resérvanse ata un máximo de 20 das 70 prazas para artistas maiores de 35 anos.

A convocatoria é aberta e poderán incurrir a ela tanto estudantes e licenciados en Belas Artes —e afíns—, como a todos aqueles que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico. Se a solicitude provén dun colectivo, aqueles dos seus membros que quixeran ser beneficiarios dunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

DOCUMENTACIÓN

Para a obtención dunha das 70 prazas será condición non ter gozado dela en anteriores edicións do ENCONTRO.

O solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

BASES DA CONVOCATORIA

1. Boletín de inscrición descargable en www.cidadedacultura.org e cuberto en letras capitais ou maiúsculas.
2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 1 folla—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 follas—.

Non se aceptarán traballos orixinais ou calquera documentación adxunta como catálogos ou folletos.

As solicitudes xunto coa documentación requirida deberán ser entregadas por correo electrónico nun único documento que cumpra as características citadas anteriormente. O enderezo electrónico de recepción de solicitudes será encontro@cidadedacultura.org. A documentación entregada non lle será devolta aos seus participantes.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás **15:00 horas do venres 4 de xullo de 2014**.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

DECISIÓN E PUBLICACIÓN

O listado dos admitidos será publicado na web www.cidadedacultura.org/programacultural, o xoves 24 de xullo de 2014.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Os seleccionados deberán subscribir a súa aceptación vía correo electrónico indicando a seu nome completo (nome e apelidos) e número de DNI ou Pasaporte (segundo o aportado na solicitude), no enderezo encontro@cidadedacultura.org, antes do venres 1 de agosto de 2014.

A ausencia desta aceptación será entendida pola institución como de declinación por parte do solicitante e recorrerase ao listado de suplentes.

O listado definitivo de inscritos publicárase o 8 de agosto de 2014.

GRAVACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

Os seleccionados que subscriban a súa aceptación, estarán a aceptar a gravación e difusión da súa imaxe a través de tanto medios en soporte papel ou dixital, como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no IV Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' do departamento de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia, supón a total aceptación destas bases.

A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

MÁIS INFORMACIÓN

encontro@cidadedacultura.org
www.cidadedacultura.org/programacultural

PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman

o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

SabadellGallego **BS**



Campo

GADIS



Astillero
BARRERAS
V I G O

Estrella Galicia 



MONBUS



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

